



Concello de
MARÍN



REGLAMENTO DA MILLA URBANA SAN MIGUEL DE MARÍN

O Club San Miguel de Marín e o Concello de Marín organizan a XX Milla Urbana San Miguel de Marín o sábado 30 de setembro ás 17:00 horas.

A proba terá lugar no **circuito homologado** pola RFEA na Avenida de Ourense, nas inmediacións á Alameda Rosalía de Castro.

A carreira estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial de probas en ruta.

Haberá 4 probas deportivas diferenciadas:

- **MILLA ÉLITE MASCULINA E FEMININA.**
- **MILLAS POPULARES MASCULINAS E FEMININAS.**
- **CARREIRAS DE CATEGORÍAS MENORES.**
- **CARREIRA POPULAR DE 5 KMS HOMOLOGADOS (CIRCUITO HOMOLOGADO DE 1 KM).**

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, con ou sen licenza federativa.

As inscricións serán gratuítas para todas as categorías.

A entrega de dorsais a partires das 15:30 horas na Alameda Rosalía de Castro.

Servizo de duchas nos Pavillóns Municipais da Cañota e do Sequelo.

As categorías fixadas pola organización son as seguintes:

CATEGORÍAS	ANO NACEMENTO
DORA	2014- 2015 e 2016
PATRULLA CANINA	2012-2013
PIRATA JAKE	2010-2011
BENXAMÍN	2008-2009
ALEVÍN	2007-2006
INFANTIL	2005-2004
CADETE	2003-2002
XUVENIL - JUNIOR	2001-2000-1999-1998
PROM - SENIOR	1997- ata os 34 anos
VETERÁNS A	Dende os 35 anos ata os 44 anos
VETERÁNS B	Dende os 45 anos ata os 54 anos
VETERÁNS C	Dende os 55 anos en adiante

A orde de saída das probas será o seguinte, segundo o seu horario:

HORA	CATEGORÍA	DISTANCIA
17:00 H	BENXAMÍN FEMININO	500 M
17:10 H	BENXAMÍN MASCULINO	500 M
17:20 H	ALEVÍN FEMININO	800 M
17:30 H	ALEVÍN MASCULINO	800 M
17:40 H	INFANTIL FEMININO	1000 M
17:50 H	INFANTIL MASCULINO	1000 M
18:00 H	CADETE MULLERES	1000 M
18:10 H	CADETE MASCULINO	1000 M
18:20 H	DORA, PATRULLA CANINA E PIRATA JAKE	50 M-100 M-200 M aproximadamente
18:30 H	5 KMS. DE JUNIOR A VETERANOS C MASCULINO E FEMININO	5000 M
19:10 H	MILLA POPULAR / FEDERADA XUVENIL-JUNIOR-SENIOR	1609 M
19:20 H	MILLA POPULAR / FEDERADA VETERANS A ,B E C MASCULINO E FEMININO	1609 M
19:30 H	MILLA ÉLITE FEMININA	1609 M
19:45 H	MILLA ÉLITE MASCULINA	1609 M
20:00 H	ENTREGA DE PREMIOS	

*O horario de saída poderá ser modificado, a criterio do xuíz árbitro da proba, en función das circunstancias.

➤ **MILLA ÉLITE MASCULINA E FEMININA**

Poderán participar todos os atletas federados. No caso de que se apuntasen máis de 25 atletas, farase un filtro por marcas.

Inscricións: deberán formalizar a súa inscrición na web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com antes das **23:59 horas do xoves 28 de setembro de 2017**.

Premios: Entregaránse medallas personalizadas do evento aos 3 primeiros atletas femininos e masculinos. Sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Premios metálicos:

	CATEGORÍA MASCULINA	CATEGORÍA FEMININA
1º CLASIFICAD@	300 €	300 €
2º CLASIFICAD@	200 €	200 €
3º CLASIFICAD@	100 €	100 €
4º CLASIFICAD@	75 €	75 €
5º CLASIFICAD@	50 €	50 €

Estos premios están suxeitos ás taxas e impostos legais.

A participación de atletas extranxieros e de outras federacións autonómicas rexirase de acordo co disposto no artigo 3.4. do "Reglamento para las competiciones de la temporada de campo a través, marcha, carreras en carretera, y reuniones de pista cubierta y aire libre" da tempada 2017-2018. Máis información de esta norma en:

http://www.rfea.es/normas/pdf/reglamento2017/03_reglamento_comp.pdf

➤ **MILLAS POPULARES MASCULINAS E FEMININAS.**

Poderán participar todos os atletas federados e non federados.

Inscricións: deberán formalizar a súa inscrición na web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com antes das **23:59 horas do xoves 28 de setembro de 2017**.

Premios: Entregaránse medallas personalizadas do evento aos 3 primeiros atletas femininos e masculinos desde categoría xuvenil-junior ata veteranos C. Sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

➤ **CARREIRAS DE CATEGORÍAS MENORES.**

Poderán participar todos os atletas federados e non federados.

Inscricións: deberán formalizar a súa inscrición na web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com antes das **23:59 horas do xoves 28 de setembro de 2017.**

As categorías Dora, Patrulla Canina e Pirata Jake poderán inscribirse ata ás 18:00 horas.

Premios: Entregaránse medallas personalizadas do evento aos 3 primeiros atletas femininos e masculinos desde categoría benxamín ata cadete. Sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Para as categorías de Dora, Patrulla Canina e Pirata Jake haberá medallas e chuches ata fin de existencias.

➤ **CARREIRA POPULAR DE 5 KMS HOMOLOGADOS (CIRCUITO HOMOLOGADO DE 1 KM).**

Poderán participar todos os atletas federados e non federados.

Inscricións: deberán formalizar a súa inscrición na web da Federación Galega de Atletismo www.carreirasgalegas.com antes das **23:59 horas do xoves 28 de setembro de 2017.**

Premios: Entregaránse medallas personalizadas do evento aos 3 primeiros atletas femininos e masculinos desde categoría junior ata veteráns C. Sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

OUTRAS CONSIDERACIÓNS REGULAMENTARIAS

1. Non se admitarán inscricións fóra de prazo.
2. Todo/a corredor/a que chegue á meta sen o seu dorsal ou non o leve colocado de xeito correcto na zona anterior do corpo, será automaticamente descalificado.
3. Todo corredor/a que incumpla as normas da competición ou as establecidas nos regulamentos FGA e RFEA en vigor referentes a probas en ruta, será descalificado a criterio do Xuíz Árbitro da Competición.

4. TODAS AS RECLAMACIÓNS DEBERÁN SER DIRIXIDAS O XUÍZ ÁRBITRO DA COMPETICIÓN cun prazo máximo de 30 minutos despois da publicación dos resultados da proba en cuestión.
5. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles para a colocación do dorsal.
6. A proba rexerese pola regulamentación de Seguridade Vial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia, que establece os requisitos esixidos para a celebración de probas deportivas na vía urbana (Real Decreto 1428/2003 do 21 de novembro, publicado no BOE no 306 do 23 de decembro de 2003 sobre a ocupación da vía pública; e o Real Decreto 849/1993 do 4 de xuño de 2003, sobre a contratación do seguro de responsabilidade civil e de accidentes).
7. Os atletas estarán amparados por un seguro de responsabilidade civil e un seguro de accidentes da FGA.
8. A proba contará cos servizos sanitarios esixidos na lexislación vixente.
9. Os únicos vehículos que poderán seguir a proba, serán os autorizados pola organización.
10. Toda persoa que corra sen estar inscrita, farao baixo a súa responsabilidade e non poderá participar de trofeos nin obsequios. Tampouco estará amparada polos seguros da proba.
11. A organización da proba resérvase o dereito a modificar horarios e ou percorridos, así como aprazar ou suspender a carreira se así o estima oportuno por razóns de seguridade.
12. O atleta inscrito declara que está en bo estado físico e ten pasado os pertinentes recoñecementos de saúde.
13. A participación implica a total aceptación deste regulamento, e o descoñecemento do mesmo non exime do seu obrigado cumprimento.
14. Todo o non previsto no presente regulamento, resolverase de acordo co Regulamento da FGA e RFEA en vigor.

NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licencia de día de ranking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 15008 A Coruña



Concello de
MARÍN

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



GADIS

ence
ENERGÍA & CELULOSA

